

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



Antón Fraguas Fraguas (Insuela-Loureiro, Concello de Cotobade 28 de decembro de 1905 / Compostela 5 de novembro de 1999). Historiador, escritor, etnógrafo e antropólogo é unha das figuras máis sobranceiras das letras galega contemporáneas. É de procedencia humilde, fillo de Teresa Fraguas Vázquez, labrega, e de Manuel Fraguas Rodríguez, canteiro.

Estudou bacharelato en Pontevedra, onde coñece a personalidades como Castelao e Losada Dieguez, para trasladarse logo a Compostela a cursar Filosofía e Letras. Nesta cidade ingresou nas Irmandades da Fala, organización nacionalista galega adicada á defensa, exaltación e fomento da lingua galega. Ademais, en 1923 comeza a colaborar co Seminario de Estudos Galegos, institución cultural creada por intelectuais galeguistas para estudar e divulgar o patrimonio cultural galego, licenciándose na súa carreira en 1928. En 1933, ingresa como mestre no instituto da Estrada, sendo separado da docencia ao comezo da guerra civil pola súa militancia galeguista.

Dadas as represalias que sofre e, ao peche e requisa do Seminario de Estudos Galegos adícase ao ensino privado e a investigar pola súa conta na cultura, etnografía e xeografía, xerando unha gran produción bibliográfica.

Ao establecerse en 1944 da man do Pai Sarmiento, o Instituto de Estudos Galegos dando continuidade ao desaparecido Seminario de Estudos Galegos, Antón Fraguas establece con esta institución unha colaboración constante, exercendo diversos cargos e desenvolvendo diversos traballos na sección de etnografía e folclore.

O 19 de abril de 1951 é elexido membro da Real Academia Galega sucedendo a Castelao. En 1976, participa na fundación do Museo do Pobo Galego chegando a ser presidente e director do mesmo.

A súa traxectoria está marcada polas vivenzas na súa aldea, así como, polo seu esforzo por recuperar, protexer e divulgar as ideas, as crenzas e as costumes galegas.

Algunhas das súas obras son:

- Geografía de Galicia, 1953
- Historia del Colegio de Fonseca, 1956
- La Galicia insólita, 1973
- Manuel Murguía, 1979
- Aportacións ó cancionero de Cotobade, 1985
- Cantigueiro de Cotobade, 1988
- Romarías e santuarios, 1988
- Celso Emilio Ferreiro, 1989
- Galicia máxica, 1992
- Carnaval e outras festas, 1992
- Do Entroido, 1994
- A festa popular en Galicia, 1995

